

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SANTISO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CONSULTORIO DE ARCEDIAGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 13.07.2026 co Concello de Santiso o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 29 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Santiso para o financiamento das obras de reforma no Consultorio de Arcediago, de titularidade municipal.

Segundo se detalla na memoria valorada, asinada polo arquitecto Isidro López Yáñez, de 26 de febreiro de 2026, e achegada pola Xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, as obras de reforma inclúen as seguintes actuacións:

- a) Actuacións previas: limpeza mecánica de fachadas mediante auga a presión, eliminación de pinturas deterioradas e reparación de gretas e defectos nos revestimentos existentes.
- b) Tratamento de humidades: intervención nas zonas afectadas, tanto en fachadas como en particións interiores, incluíndo o saneado e posterior acabado con lucido de xeso.
- c) Revestimentos e acabados: aplicación de pintura mineral ao silicato en paramentos exteriores e pintura plástica en paramentos interiores.
- d) Mobiliario e instalacións: renovación do mobiliario en consultas, substitución de luminarias por tecnoloxía LED, colocación de estores enrolables en ventás, e instalación de elementos de seguridade contra incendios, incluíndo extintor e a súa correspondente sinalización.

Todas as actuacións executaranse garantindo a súa compatibilidade coa normativa urbanística vixente e respectando as condicións estéticas e construtivas da edificación existente.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia

de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no Consultorio de Arcediago.

Tal e como se detalla na memoria valorada, asinada polo arquitecto Isidro López Yáñez, de febreiro de 2026, e achegada pola Xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, o Consultorio de Arcediago require dunha actuación para mellorar o estado do edificio e a súa integración estética na contorna, corrixindo danos e deficiencias existentes sen alterar a súa estrutura nin uso.

As obras de reforma comprenden actuacións de limpeza e reparación de fachadas, incluíndo a eliminación de revestimentos deteriorados e a corrección de gretas. Intervirase nas zonas afectadas por humidades, tanto en fachadas como no interior, mediante saneado e novo acabado.

Así mesmo, renovarase os revestimentos con pintura mineral en exteriores e pintura plástica en interiores. Completarase a actuación coa actualización do mobiliario, mellora da iluminación con tecnoloxía LED, instalación de estores e incorporación de medios de protección contra incendios.

Todas as intervencións executaranse en conformidade coa normativa urbanística vixente e respectando as características construtivas e estéticas do edificio existente.

O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrência pública.



O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

Coa sinatura deste convenio, o Servizo Galego de Saúde asume compromisos económicos que ascenden a un total de trinta e tres mil novecentos cincuenta e dous euros con setenta e dous céntimos de euro (33.952,72 €), con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

